



Leonel Moura (Lisboa, 1948) é coñecido polas orixinais criaturas robóticas, produto do irmandamento entre arte e tecnoloxía que lle proporciona un orixinal discurso alternativo ao da arte biolóxica ou transxénica que neste momento está en auge da man de artistas como Eduardo Kac (Rio de Janeiro 1962), autor do xa popular coello verde (*green rabbit*). En 2009, Moura publicou un texto en portugués titulado *30 gramas*, que o pasado mes de xullo tirou do prelo en galego Alvarelos Editora. O libríño, de só noventa e catro páxinas en xeneroso deseño tipográfico, adscríbese ao xénero narrativo *novela*, inda que realmente estamos diante dunha especie de meritorio exercicio de reconstrución metonímica da extravagante socioloxía do mundo artístico, en xeral, e das composturas vangardistas radicais do século XX, en particular, a partir do momento en que a modernidade plástica entrou en acción da man dos dadaístas e de figuras rotundas como a de Marcel Duchamp e o seu coñecido escándalo de 1917, cando introduciu nunha exposición de Nova York, baixo o título de *Fontaine* e a sinatura apócrifa R. Mutt, un *ready made* consistente nun ouriñal de homes como os que se ven nos servizos de calquera establecemento público, baleirado de calquera utilidade práctica e reubicado nunha nova contextualización que o



30 gramas de Leonel Moura

converte nun obxecto artístico de seu. Precisamente, nun xesto moi propio de Dadá como foi o caso das sonadas latas de conserva que Piero Manzoni (1933-1963) mandara fabricar para introducir nelas 30 gramas das súas propias feces cunha etiqueta na que se pode ler en varios idiomas *Merda de Artista*, é de onde arrinca o fio argumental do relato de Moura, cando un estrambótico personaxe, Giancarlo Vogué (dos poucos que o autor inventa

entre a nutrida nómina que pasa diante dos ollos de quen le, pero moi verosímil no disparatado ambiente das vangardas), comenta co narrador encargado de contar a historia en primeira persoa, o seu interese por desvelar o contido real das citadas latas, estando disposto, para conseguilo, a calquera aventura, entre as que mesmo se baralla o asasinato do seu propio pai, Pierre Emmanuel Vogué, suposto adquiridor en 2002 do fetiche en cuestión.

Tendo en conta que o propio estatuto do ser artístico entra en crise con só formularse a pregunta da verdade ou mentira do contido da lata de Manzoni, o lector comprenderá os múltiples vieiros especulativos a que se presta o xogo de Moura, que aproveita o interese desta cuestión para tecer un pequeno mostrario do nutridísimo anecdotario do planeta vangardista, que, non por coñecido, en moitos casos, ofrece menos curiosidade e *morbo* a quen estea afeito a pensar a vida no rexistro das convencionalidades.

De feito, a simple mención de Marcel Duchamp abre xa un expediente narrativo que podemos atopar moi ampliado no libro titulado *Duchamp* que Calvin Tomkins publicou en 1996 ou no caso da escultura de Constantin Brancusi que puxo en solfa o estatuto xurídico da arte, con xuízo incluído, e que se pode seguir no libro *Brancusi contra los Estados Unidos. La definición jurídica del arte*. En fin, bótase en falta a presenza do galerista Leo Castelli (Trieste 1907-Manhattan 1999), decisivo para comprender o cambio de mentalidade do mercado americano da arte e verdadeiro descubridor dos artistas pop, como Jasper Johns, Andy Warhol ou Robert Rauschenberg, pero o libro entretén, e mesmo, quen así o desexe, pode pasar horas e máis horas seguindo por internet os fíos dos que Moura se limita a ofrecer un pequeno retallo.